CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU
Convocatoria extraordinaria 2026
EMPRESA Y DISEÑO
DE MODELOS DE NEGOCIO

CÓDIGO 31

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria**, de 2,5 puntos cada una: la primera sin apartados optativos y las tres siguientes con posibilidad de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. PUNTO MUERTO. (2,5 puntos)
Es contratado por una asesoría y le encargan el cálculo del umbral de rentabilidad de uno de los clientes. Se trata de una empresa dedicada a la venta de envases de vidrio, que obtuvo en el último ejercicio unos ingresos totales de 40.000 euros por la venta de 4.000 envases. Sus costes fijos ascendieron a 2.800 euros y sus costes variables totales fueron 12.000 euros.

A partir de esta información, teniendo en cuenta que todos los envases son idénticos y se venden al mismo precio, le piden que resuelva estos **tres apartados**:

1.1. Determine el umbral de rentabilidad o punto muerto de la empresa **(1 punto)**
1.2. Represente gráficamente la situación e interprete el resultado. **(1 punto)**
1.3. Determine cómo afectaría al valor del punto muerto una reducción de un 20% en el precio de venta de cada envase. Exprese la variación en términos porcentuales. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. CUENTA DE RESULTADOS. (2,5 puntos)
La siguiente tarea que le encargan en la asesoría es que calcule los resultados que obtuvo en el último ejercicio económico, una empresa que se dedica a la venta de productos cosméticos. Según los datos facilitados por la misma, los ingresos derivados de las ventas en el último ejercicio fueron de 300.000€. Las demás cifras de ingresos y gastos correspondientes al mencionado ejercicio son las siguientes:

Salarios: 60.000€	Intereses pagados por un préstamo: 11.000€
Dividendos: 4.000€	Suministros: 32.000€
Ingresos de renta fija: 2.000€	Compra de mercaderías : 25.000€
Publicidad: 15.000€	Amortización inmovilizado: 40.000€

A partir de estos datos se le pide que **responda estos dos apartados:**

2.1. Indique los pasos principales para calcular el resultado de ejercicio e indique el impuesto que se aplicaría. **(1 punto)**
2.2. Responda a uno de estos dos subapartados:
2.2.1. Calcule el resultado de explotación especificando las partidas que lo integran y explique su significado. **(1, 5 puntos)**
2.2.2. Calcule el resultado financiero especificando las partidas que lo integran y explique su significado.
(1, 5 puntos)

PREGUNTA 3. EMPRESA Y ENTORNO (2,5 puntos)

Está buscando un administrador de fincas para la comunidad en donde reside, y encontró con una plataforma que digitaliza la administración de fincas. Esta idea de negocio partió de uno de los socios fundadores, que ante las dificultades de ponerse en contacto con el administrador de su finca y ver como a más gente de su entorno le sucedía lo mismo, empezó a investigar y comprendió que la labor de administración estaba muy atomizada desarrollada por pequeños despachos, era un negocio anticuado y pensó que la digitalización podría tener éxito. La compañía ha conseguido digitalizar numerosos procesos, permitiendo agilizar la administración de la propiedad. Se paga una tarifa fija y la comunidad de propietarios dispone una plataforma exclusiva, a través de la cual puede realizar si lo desea todas las tareas. Hay disponible una demo que muestra con todo detalle el funcionamiento de la plataforma. También utilizan la inteligencia artificial, que es un administrador de fincas virtual entrenado con la ley de propiedad horizontal y expertos en el ámbito inmobiliario.

3.1. Explique que es una persona emprendedora e identifique a partir del texto el perfil que le corresponde. **(1 punto)**

3.2. Responda uno de estos dos subapartados.

3.2.1. Explique que es la inteligencia artificial e identifique en el texto su aplicación en este negocio. **(1,5 puntos)**

3.2.2. Explique que es la innovación e identifique a partir del texto cuál es la estrategia de innovación.

(1,5 puntos)

PREGUNTA 4. EL MODELO DE NEGOCIO Y DE GESTIÓN. (2,5 puntos)

Está pensando en aceptar una oferta para trabajar en el departamento comercial de una empresa de moda. Su actividad se centra en la creación de prendas de ropa pensadas para una mujer entre 35 y 55 años, en general autónoma y que le gusta la moda, pero no sigue las tendencias. Las prendas son básicos que no se suelen encontrar en otras marcas, con patrones que sienten bien en todas las tallas y a un precio razonable. La confección se hace en un 90% en empresas locales. La venta de esta marca es a través de dos tiendas físicas de su propiedad, en establecimientos multimarca y en su página web y redes sociales como Instagram.

4.1. Indique cuál es el impuesto que gravar las ventas de la ropa e identifique el sujeto pasivo y el tipo impositivo. **(1 punto)**

4.2. Responda uno de estos dos subapartados:

4.2.1. Explique qué es la segmentación de mercado e identifíquela en el texto indicando el criterio de segmentación. **(1,5 puntos)**

4.2.2. Explique qué son los canales de distribución e identifíquelos en el texto indicando de que tipo son según su pertenencia a la empresa. **(1,5 puntos)**

CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU
Convocatoria extraordinaria 2026
EMPRESA E DESEÑO
DE MODELOS DE NEGOCIO

CÓDIGO 31

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha: a primeira sen apartados optativos e as tres seguintes con posibilidade de elección entre subapartados.

PREGUNTA 1. PUNTO MORTO. (2,5 puntos)
É contratado por unha asesoría e encárganlle o cálculo do limiar de rendibilidade dun dos clientes. Trátase dunha empresa dedicada á venda de envases de vidro, que obtivo no último exercicio uns ingresos totais de 40.000 euros pola venda de 4.000 envases. Os seus custos fixos ascenderon a 2.800 euros e os seus custos variables totais foron 12.000 euros.

A partir desta información, tendo en conta que todos os envases son idénticos e se venden ao mesmo prezo, pídenlle que resolva estes **tres apartados**:

1.1. Determine o limiar de rendibilidade ou punto morto da empresa **(1 punto)**
1.2. Represente graficamente a situación e interprete o resultado. **(1 punto)**
1.3. Determine como afectaría ao valor do punto morto unha redución de un 20% no prezo de venda de cada envase. Exprese a variación en termos porcentuais. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. CONTA DE RESULTADOS. (2,5 puntos)
A seguinte tarefa que lle encargan na asesoría é que calcule os resultados que obtivo no último exercicio económico, unha empresa que se dedica á venda de produtos cosméticos. Segundo os datos facilitados pola mesma, os ingresos derivados das vendas no último exercicio foron de 300.000€. As demais cifras de ingresos e gastos correspondentes ao mencionado exercicio son as seguintes:

Salarios: 60.000€	Intereses pagados por un préstamo: 11.000€
Dividendos: 4.000€	Subministracións: 32.000€
Ingresos renda fixa: 2.000€	Compra de mercadorías: 25.000€
Publicidade: 15.000€	Amortización inmobilizado: 40.000€

A partir destes datos pídeselle que **responda estes dous apartados:**

2.1. Indique os pasos principais para calcular o resultado de exercicio e indique o imposto que se aplicaría.
(1 punto)
2.2. Responda un destes dous subapartados:
2.2.1. Calcule o resultado de explotación especificando as partidas que o integran e explique o seu significado. **(1,5 puntos)**
2.2.2. Calcule o resultado financeiro especificando as partidas que o integran e explique o seu significado**.**
(1,5 puntos)

PREGUNTA 3. EMPRESA E A SÚA CONTORNA. (2,5 puntos)

Está a buscar un administrador de fincas para a comunidade onde reside, e atopou cunha plataforma que dixitaliza a administración de fincas. Esta idea de negocio partiu dun dos socios fundadores, que ante as dificultades de poñerse en contacto co administrador da súa finca e ver como isto mesmo lle sucedía a máis xente da súa contorna, empezou a investigar e comprendeu que o labor de administración estaba moi atomizada desenvolvida por pequenos despachos, era un negocio anticuado e pensou que a dixitalización podería ter éxito. A compañía conseguiu dixitalizar numerosos procesos, permitindo axilizar a administración da propiedade. Págase unha tarifa fixa e a comunidade de propietarios dispón dunha plataforma exclusiva, a través da cal pode realizar, se o desexa, todas as tarefas. Hai dispoñible unha demo que mostra con todo detalle o funcionamento da plataforma. Tamén utilizan a intelixencia artificial, que é un administrador de leiras virtual adestrado coa lei de propiedade horizontal e expertos no ámbito inmobiliario.

3.1. Explique que é unha persoa emprendedora e identifique a partir do texto o perfil que lle corresponde. **(1 punto)**

3.2. Responda un destes dous subapartados.

3.2.1. Explique que é a intelixencia artificial e identifique no texto a súa aplicación neste negocio. **(1,5 puntos)**

3.2.2. Explique que é a innovación e identifique a partir do texto cal é a estratexia de innovación. **(1,5 puntos)**

PREGUNTA 4. O MODELO DE NEGOCIO E DE XESTIÓN. (2,5 puntos)

Está a pensar en aceptar unha oferta para traballar no departamento comercial dunha empresa de moda. A súa actividade céntrase na creación de pezas de roupa pensadas para unha muller entre 35 e 55 anos, en xeral autónoma e á que lle gusta a moda pero non segue as tendencias. As pezas son básicos que non se adoitan atopar noutras marcas, con patróns que senten ben en todas as tallas e a un prezo razoable. A confección faise nun 90% en empresas locais. A venda desta marca é a través de dúas tendas físicas da súa propiedade, en establecementos multimarca e na súa páxina web e redes sociais como Instagram.

4.1. Indique cal é o imposto que grava as ventas da roupa e identifique o suxeito pasivo e o tipo impositivo. **(1 punto)**

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Explique que é a segmentación de mercado e identifíquea no texto indicando o criterio de segmentación. **(1,5 puntos)**

4.2.2. Explique que son os canais de distribución e identifíqueos no texto indicando de que tipo son segundo a súa pertenza á empresa. **(1,5 puntos)**